

XV Encontros para a Normalización Lingüística

18 e 19 de abril de 2013

Consello da Cultura Galega

RESUMOS

PAZ LAMELA

Lingua e sociedade en Galicia: 1983-2013

A administración

1- Situación da lingua galega:

-Antes da Lei de normalización lingüística.

-Despois da Lei de normalización lingüística

2- Accións que se levaron a cabo desde a Dirección Xeral:

-Desenvolvemento da Lei

-Formación do profesorado, de funcionarios doutras delegacións, de axentes sociais,
etc

-Concienciación da importancia de falar galego

-Colaboración dos medios de comunicación e dun gran número de persoas de forma
desinteresada

NICOLÁS IVÁN VAQUEIRO GRADÍN

Lingua e sociedade en Galicia: 1983-2013

A iniciativa económica

A relación entre a lingua galega e a economía produtiva de Galicia é un eido de traballo no que resta moito camiño por percorrer. Identificada como unha das prioridades do Plan de Normalización Lingüística da Xunta de Galicia, nos atopamos ante unha realidade na que o descoñecemento das potencialidades da lingua galega como factor económico por unha banda, ea existencia dunha serie de prexuízos “economicistas” derivados da globalización económica e da influencia do castelán e doutras linguas como o inglés pola outra, configuran un escenario no que é necesario traballar para acadar un maior grao de normalización nos vindeiros anos.

A creación dunha imaxe de marca moderna e actualizada e de Galicia e do galego, o importante espazo económico que representan os países de lingua portuguesa, os desafíos que os impactos da globalización e innovacións tecnolóxicas e dixitais están a producir nas empresas galegas e os necesarios procesos normalizadores na xestión interior e na proxección exterior de Galicia e do galego nas entidades de carácter económico, tanto públicas como privadas, son por tanto áreas nas que a acción institucional debe orientarse para gañar espazos para o galego nos vindeiros anos e non perder o tren da economía galega, un dos eidos onde maior supervivencia pode acadar a nosa lingua.

ESTEVE VALLS

30 anos de política lingüística

Política lingüística do catalán

O relatorio “Políticas lingüísticas do catalán” vaise estruturar arredor de tres eixes: o primeiro é unha sucinta presentación dos contrastes entre os procesos de planificación vixentes nas distintas comunidades autónomas do Estado español nas que o catalán é lingua propia; o segundo vai abordar as consecuencias destas políticas na vitalidade sociolingüística da lingua catalá ao longo das últimas décadas; e o terceiro vaise centrar nun aspecto decote esquecido no estudo dos procesos de normalización: a redución da variación interna que adoita acompañar a difusión dunha variedade estándar. O obxectivo deste relatorio é avaliar os distintos plans de normalización actuais para chegar a discernir que accións son positivas para a recuperación do uso social da lingua e cales, pola contra, teñen consecuencias nulas ou mesmo contraproducentes para a normalización da lingua catalá, entendendo por *normalización* a consecución dunha funcionalidade completa, dun uso social predominante nun contexto multilingüe e dunha identificación plena dos falantes co modelo de prestixio.

PATXI BAZTARRIKA GALPARSORO

30 anos de política lingüística

Política lingüística do éuscaro

Distintas políticas lingüísticas, distintos resultados

La evolución social del euskera en los últimos 20-30 años constituye un ejemplo ilustrativo de la existencia de diversas maneras de abordar la diversidad lingüística, así como de los diferentes resultados a que cabe aspirar en materia de convivencia lingüística según se opte por una u otra de las vías posibles.

En efecto, y como es sabido, el territorio del euskera (Euskal Herria-Basque Country) se reparte entres ámbitos jurídico-administrativos diferentes: dos comunidades autónomas dentro del Reino de España (la Comunidad Autónoma de Euskadi y la Comunidad Foral de Navarra) y un tercer ámbito administrativo situado en la República Francesa, Iparralde o Euskadi Norte.

Esos tres ámbitos jurídico-administrativos delimitan, además, tres marcos diferenciados en cuanto a la inspiración, objetivos y praxis de las políticas lingüísticas públicas: así, en la Comunidad Autónoma de Euskadi los legisladores que, en 1982, elaboraron y aprobaron la Ley del Euskera optaron, sobre la base de un amplio y sólido consenso, por el reconocimiento de la cooficialidad de las lenguas y de los derechos lingüísticos a la totalidad de la ciudadanía, al tiempo que atribuían a las instituciones la obligación de velar por el cumplimiento de tales derechos y de fomentar el conocimiento y uso del euskera.

En la Comunidad Foral de Navarra, solo el castellano es oficial en la totalidad del territorio, mientras que el euskera únicamente lo es en parte del territorio. Por último, en el caso de Iparralde o País Vasco Norte, el francés es la única lengua oficial, como ocurre en todo el territorio de la República.

El euskera, secularmente lengua de contacto en los citados tres ámbitos jurídico-administrativos, ha conocido en ellos muy diferentes evoluciones, en cuyas magnitudes más significativas y procesos más relevantes se centrará mi conferencia.

Considerada en su conjunto, la evolución social del euskera es paradigmática y no está exenta de paradojas, entre las que cabe subrayar su desigual evolución. Tales paradojas y la desigual evolución guardan relación directa con determinados factores, que serán objeto de reflexión en la conferencia.

DALILA DOPAZO BLANCO

O galego no ensino: marco normativo

A progresividade na LNL e nos decretos para o ensino

A aprobación da CE no ano 1978 supuxo a introdución dun modelo lingüístico do Estado que parte do recoñecemento das linguas propias como linguas oficiais nos seus respectivos territorios. As realidades sociolóxicas de cada territorio son moi diversas, se ben existe un punto en común a todas elas: a presenza dunha situación de discriminación das linguas propias respecto do castelán.

O anteriormente indicado, supón que a igualdade efectiva entre linguas cooficiais só se poda acadar mediante a adopción de políticas de normalización lingüística, o que implica a necesidade de ditar normas xurídicas que se sitúen no marco dun proceso de aumento gradual e continuo (é dicir, progresivo e constante) dos medios e esforzos centrados na lingua propia coa finalidade de darlle un tratamento preferente que permita subverter a situación de inferioridade en que se atopa.

A progresividade é, xa que logo, un elemento clave das políticas de normalización e, no caso galego, ten o seu recoñecemento normativo no artigo 5.3 do EA, na Lei 3/1983 de normalización lingüística e no Plan xeral de normalización da lingua galega.

A presenza progresiva e cada vez maior da lingua galega no ensino amósase na evolución de toda a normativa ditada en desenvolvemento da LNL: o Decreto 135/1983, o Decreto 247/1995 e, en especial, o Decreto 124/2007. Pola contra, a aprobación do Decreto 79/2010 para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia supuxo unha quebra nesta evolución.

Centrarémonos, pois, na análise das diferenzas entre o Decreto 79/2010 e o Decreto 124/2007 o que nos permitirá chegar a unha conclusión: o Decreto para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia é un retroceso no proceso de normalización de lingua galega.

XOSÉ LUÍS JANEIRO ESPIÑEIRA

O galego no ensino: marco normativo

A evolución da lexislación arredor do galego e o ensino

Partindo da análise do marco xurídico configurado pola Constitución española de 1978, o Estatuto de Autonomía de 1981 e máis a Lei de normalización lingüística de 1983, á luz das diferentes interpretacións xurisprudenciais recaídas nos últimos anos, saliéntanse diversos

aspectos no devir marcado polos sucesivos decretos que regulan o uso da lingua no ensino. En particular, a carón da especial atención que merece en por si o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, cómpre contrastar as medidas dispostas por este último texto legal fronte o Decreto 247/1995 polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística –que cumpre 30 anos- e, especialmente, fronte o precedente Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

Numerosas cuestións de “constitucionalidade lingüística” teñen sido dirimidas en sede xudicial. Sen ánimo de exhaustividade, sinálase algunha da xurisprudencia máis significativa e tamén algunhas das sentenzas do Tribunal Constitucional que foron clarexando conceptos como o de cooficialidade e impondo límites diante de presuntos dereitos lingüísticos individuais.

Nesta mesma perspectiva cómpre tamén facer fincapé no valor normativo de dúas fontes que habían inspirar en diferente grao as sucesivas regulacións legais feitas nesta materia: o Plan xeral de normalización lingüística de 2004 e mais a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias, ratificada polo Estado español no ano 2001.

A evolución da lexislación arredor do galego e o ensino -enunciado desta comunicación- ten unha traxectoria altamente significativa, non exenta do forte influxo derivado de condicionantes e circunstancias que amosan un carácter tan extraxurídico como extralingüístico. Téntase, pois, revelar algunha clave semántica do dereito lingüístico como teor de diferentes concepcións ideolóxicas e sociopolíticas. Na reflexión e análise deste dereito lingüístico no ensino configurado a partir dos decretos específicos, nas súas distintas fases de elaboración, interpretación e aplicación, adoitan mesturarse criterios xurídicos con outros de diferente natureza. Deste xeito enxérgase nun mesmo marco xurídico, o creado pola Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, un eido legal no que teñen encaixado, con maior ou menor naturalidade, fontes normativas de moi diferente signo en relación con cuestións como as porcentaxes do uso vehicular das linguas, a lingua do alumnado, as linguas do currículo formativo ou a lingua da Administración educativa. Unha ollada á sucesiva promulgación de decretos no eixo cronolóxico permitirá rematar a análise cun pouco de perspectiva e rigor no actual Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

MARILÓ CANDEDO GUNTURIZ

O galego no ensino: marco normativo

Cara a onde se leva o galego no sistema educativo?

Non é doado dar cumprida resposta a este interrogante sen caermos no pesimismo, e moito menos se queremos buscar elementos de carácter proactivo, indispensables cando se entende que a educación no marco escolar debe desenvolver funcións relacionadas coa normalización da lingua propia. Porén, o recoñecemento das dificultades forma parte da formulación dos problemas como tales e pode situarnos fronte á realidade coa idea de enfrontármola e de procurarmos saídas. A ocultación de datos ou a súa distorsión pódenos facer máis optimistas, pero esta actitude pouco rigorosa casa pouco coa responsabilidade esixible aos profesionais e coa racionalidade que se debe presumir da cidadanía nunha sociedade madura e democrática.

É esperable a disensión a respecto da capacidade normalizadora do ensino, toda vez que precisamente é o alcance da normalización lingüística o que está en cuestión, practicamente

desde que se desenvolven accións e iniciativas neste ámbito, por moito que, felizmente, chegamos a trazar certas liñas e orientacións converxentes. Se cadra o máis difícil resulta, a estas alturas do proceso normalizador e xusto cando se cumpren 30 anos da aprobación da LNL, encaixar a renuncia efectiva á filosofía normalizadora e polo tanto as finalidades destes procesos, que camiña parella á eliminación calculada do termo normalización nos escenarios educativos, tanto no tocante ás normas que son de recente aplicación, como nas accións, iniciativas e recursos asociados a este proceso.

As funcións normalizadoras que deben desenvolverse desde o marco escolar están recollidas en leis e normativas propias, como a Lei de normalización lingüística (1983) ou o PXNLG (2004); igualmente están recoñecidas por normas de carácter estatal, como a propia LOE (2006), e forman parte dos compromisos adquiridos pola administración do estado no marco europeo, a través por exemplo da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, asinada en 2001. Trátase de funcións sustentadas en concepcións pedagóxicas e sociolingüísticas apoiadas pola comunidade científica.

Periodicamente distintos estudos e informes (Diagnose do propio PXNLG, Informe do Consello Escolar de Galicia, e variados estudos de expertos e institucións ...) traen a colación as múltiples circunstancias condicionantes que impiden o desenvolvemento destas funcións normalizadoras. Algúns obstáculos proceden do cambiante -e agora regresivo- marco normativo, outros da insuficiente complicidade da sociedade galega para os procesos normalizadores promovidos desde o ensino ou desde outras instancias. Asemade informan de que as resistencias ou mesmo algunhas orientacións didácticas dunha parte dos profesionais da educación son un elemento perturbador a considerar.

As razóns que poden explicar a aparente conformidade con que a sociedade galega asume, entre outros, os indicadores que falan dunha perda importante de falantes, do acelerado proceso de substitución lingüística do galego polo castelán ou da ruptura na transmisión interxeracional do idioma, son moitas e variadas. Salientan os argumentos asociados á persistencia dos prexuízos sobre o galego; a incidencia do homoxeneizador proceso de globalización; a influencia das convicións ideolóxicas sobre os modelos de estado, que no noso país reflicten unha menor pulsión identitaria que a expresada noutros territorios; e, en tempos de forte ofensiva neoliberal, as concepcións individualistas sobre o sentido da “liberdade lingüística”, no que as linguas estarían sometidas aos rigores do mercado e aquelas das que se presume unha maior “utilidade” serían as preferidas, relegando e minorizando as outras linguas. Xaora a liberdade consistiría en desfacerse do legado lingüístico menos “competitivo”.

É indubidable que, no que atinxe ao ensino, a forte ofensiva contrarreformista que pretende poñer o acento na adquisición de competencias asociadas á empregabilidade e ao “emprededurismo” rebaixa o valor das competencias lingüísticas nas linguas propias, orientando os obxectivos do sistema á consecución de marcos plurilingües sustentados na defensa do inglés como lingua franca, e, nun modelo segregador, lonxe dos postulados do plurilingüismo inclusivo. Ademais do propio Decreto 79/2010 do Plurilingüismo, o Anteproxecto da LOMCE é debedor desta orientación cuestionada cientificamente, tanto desde o campo da sociolingüística como desde o da pedagogía. O anteproxecto da LOMCE supón unha ameaza, na medida en que sitúa o galego nunha posición subalterna á do castelán e o inglés -e mesmo da segunda lingua estranxeira-, unha posición que só pode redundar en menores espazos de uso para o galego e no mantemento dos prexuízos sobre a presunta utilidade das linguas. A súa distinta consideración nun currículo xerarquizado e recentralizador complicará as posibilidades de desenvolver estratexias didácticas integradoras.

Sobre as eivas da actual regulamentación -o Decreto 79/2010 do Plurilingüismo- moito se leva reflexionado. As dúbidas sobre o cumprimento dalgúns elementos capitais establecidos nas

normas son un elemento a considerar. Así, en relación á LNL cuestionábase o cumprimento do mandato de progresividade na súa protección e consecución dun coñecemento oral e escrito para o galego en igualdade co castelán. As recentes sentenzas, que derrogan parcialmente o devandito decreto, entenden que o art. 12.3 contravén tal mandato e pode levar a non garantir ese coñecemento se a lingua non se usa. No tocante aos compromisos asumidos coa sinatura da CELMR en 2001, o informe da Comisión de expertos feito público a finais do ano pasado evidencia o seu incumprimento para as distintas etapas educativas. Como se sabe, a distancia sobre as orientacións emanadas do PXNLG, último punto de encontro sobre a normalización acordado polo Parlamento galego, son flagrantes, chegando a poñer en cuestión o papel normalizador do ensino e a ampliación de espazos de uso para o galego. Neste sentido, e malia a reiteración que supón insistir no que xa se indicou tantas veces, estamos diante da primeira norma que establece un tope para o desenvolvemento escolar do idioma, ese 50% con tendencia á baixa nun 33%, e que afasta o idioma propio dun ámbito científico, precisamente daquel máis prestixiado socialmente. Ademais, algúns artigos dos agora derogados son a base para a exclusión do galego da etapa infantil, con importancia documentada para as primeiras aprendizaxes e o baseamento da lectoescritura; e poñen en cuestión a adquisición de competencias lingüísticas efectivas, tal e como require a LOE.

As preocupacións sobre a renuncia á orientación normalizadora que se evidencia neste Decreto deberán contrastarse cos datos derivados da súa aplicación á realidade dos centros de ensino de Galicia. As sentenzas que anulan parcialmente o decreto 79/2010 chaman a facer dos instrumentos de avaliación e seguimento contidos na norma un mecanismo eficaz para valorar o nivel de adquisición de competencias lingüísticas; e en función dos resultados acadados inducir as oportunas modificacións. Neste sentido, o primeiro Informe presentado ao Parlamento non ofrece máis información que a retórica confirmación de que unha por unha todas as disposicións do decreto se están cumprindo. Mesmo antes do límite temporal establecido. Paradoxalmente non se advirten dificultades, nin situacións problemáticas cando se partía dunha análise que estimaba en perigo o modelo de conxunción de linguas no ensino. Parece que aquel exceso dos centros que acadaban porcentaxes do 60 % ou do 70% de materias vehiculadas en galego foi drasticamente reconducido e adoptouse o camiño do plurilingüismo sen maiores consecuencias. Posiblemente esa mesma “pax lingüística” explique que haxa centros que poidan exhibir un 50 % de ensino en inglés en infantil, mesmo como parte da mercadotecnia contida no seu web.

Pensando en clave de futuro, que é a perspectiva que se me pide asumir nesta achega, é obvio que, se precisamente se pretende que o galego como idioma acade o lugar que lle corresponde, son varias as fronteiras nas que actuar.

1. Reorientación da actual política lingüística, de xeito transversal; de maneira que todos os ámbitos da sociedade contribúan á superación desta situación. O goberno ten marxe de manobra para o consenso, sinaladamente o propio PXNLG, sobre o que cumpriría erguer unha estratexia de país, concretando medidas, prazos, medios e mecanismos de revisión, impedindo así unha fenda social por razón de lingua.

No idioma descansa unha das principais razóns de ser do noso país como tal, e do que se deriva en boa medida a xustificación do autogoberno, sometido a leis propias. O idioma non só constitúe un legado que lle corresponde custodiar, senón que está obrigado a remover cantos obstáculos impidan a súa normalización. Esixe por tanto unha acción política decidida, buscando superar os prexuízos que secularmente acompañaron o uso social do galego.

Esixe por tanto, unha política que inclúa a escola como axente normalizador, non reprodutor de prexuízos profundamente instalados. Unha estratexia que non sitúe falsamente a escola no punto de mira. Nin se pode pretender que sexa o eixo fundamental e illado para a

normalización, porque tal formulación é excesiva e resultará frustrante, nin tampouco se debe minimizar o seu labor, ofrecendo consenso lingüístico arredor de calquera elemento, menos do que atinxe ao propio sistema educativo.

2. Marco normativo e estratexias normalizadoras no ámbito do ensino:

Necesitamos un marco normativo que sirva aos obxectivos da normalización do idioma. É dicir que axude a:

- Dotar o alumnado de **competencia lingüística plena** en galego.
- Dotar o alumnado de **actitudes favorables** para a lingua galega e para o seu proceso de recuperación social.
- Adquirir **usos lingüísticos** a prol da lingua galega.

Estando de acordo, tal e como as leis o contemplan, que o ensino debe procurar a adquisición de competencias lingüísticas en varias linguas (a propia, a cooficial e unha ou máis linguas estranxeiras) compre dotarse das normas e das estratexias que fagan posible tal pretensión. Ao propor un tratamento en pé de igualdade de linguas desiguais (galego/castelán/inglés) a norma actual renuncia declaradamente a que, a través do ensino, se poida facer un esforzo particular e compensatorio para a protección e o fomento da lingua propia, en situación de desvantaxe social.

Neste sentido, a confrontación entre normalización e plurilingüismo a que nos abocou o decreto actual debe ser superada, poñendo en marcha mecanismos que fagan compatibles ambos obxectivos do sistema educativo, e considerando as seguintes premisas:

- O ensino plurilingüe democratiza o acceso a mellores oportunidades para o coñecemento.
- A competencia plurilingüe constrúese desde a lingua propia e minorizada, como primeira e principal do currículo. A potenciación do plurilingüismo non se debe procurar en detrimento das linguas minorizadas (CELRM, Consello de Europa).
- A defensa de maiores espazos de uso para o idioma propio até acadar unha situación de normalidade non pecha as portas á presenza asumida doutra(s) lingua(s) estranxeiras no currículo.
- Os obxectivos da normalización non se deben contraponer aos do plurilingüismo, entendido en clave inclusiva e ecolingüística.
- Cómpre procurar unha orientación curricular e didáctica superadora de confrontacións asimétricas entre linguas, na procura dun tratamento integrado das linguas, estratexia metodolóxica na que se apoia o plurilingüismo inclusivo.

Necesitamos igualmente o que apenas existiu nestes 30 anos de morna normalización lingüística: **unha planificación, con obxectivos, recursos, e medidas de seguimento**. Unha planificación na que a formación dos profesionais constitúa un eixe fundamental, un obxectivo do sistema. E na que, necesariamente, se traballe coas familias, coa comunidade educativa e coa sociedade no seu conxunto. Para a normalización lingüística, a superación de prexuízos respecto do idioma propio é un aspecto clave. Nese ámbito cómpre facermos os maiores esforzos, convertermos o logro de maiores espazos de uso e actitudes a prol da lingua nunha aspiración colectiva.

É de especial relevancia o compromiso dos profesionais para evitaren o avance de prácticas que fagan da lingua unha escusa máis para a segregación escolar e social, xogando un papel proactivo para a superación dos moitos prexuízos nos que se sustenta a cuestión lingüística, e

alentando novos e mellores usos para o galego no ensino que garantan a mellora das competencias lingüísticas.

Coñecemos as potencialidades educativas das sociedades e dos sistemas educativos que alentaron avances no coidado e promoción das linguas propias, en termos de equidade, cohesión social e mesmo mellores oportunidades para o desenvolvemento económico. Sabemos tamén do empobrecemento daquelas sociedades que renuncian á propia cultura e a se proxectaren no mundo, inzadas de complexos. É cuestión tamén de que a sociedade se enfrente ao que quere como futuro para o seu país. Eis o campo de xogo, no que a educación ten moito que dicir.

BIEITO SILVA VALDIVIA

O galego no ensino: marco normativo

A formación do profesorado dentro dun marco plurilingüe e normalizador

O relatorio organizarase arredor de tres preguntas:

1.- En que dirección debe actuar unha formación do profesorado orientada a facilitar unha educación plurilingüe e normalizadora?

2.- Que se está facendo na formación inicial e na formación en servizo?

3.- Pódense definir algunhas estratexias na mellora dunha formación destas características?

As respostas a esas preguntas serán necesariamente sucintas e irán no seguinte sentido:

1.- Unha formación do profesorado orientada a facilitar unha educación plurilingüe e normalizadora debe atender ás seguintes fronteas (e guiarse polos seguintes principios):

- a) Renovar os enfoques didácticos nunha perspectiva comunicativa.
- b) Formar (instruír, capacitar para actuar e estimular esta actuación) en modelos de educación plurilingüe e nos factores que se deben ter en conta para a planificación do uso escolar das linguas, con especial atención á situación social de cada unha.
- c) Formar (...) para a adopción de enfoques pedagóxicos globais ou integradores das linguas que deben ser obxecto de ensino e aprendizaxe.

2.- A formación do profesorado está respondendo de maneira insuficiente a estas demandas; por non ter asumido suficientemente eses principios, pero, sobre todo, por non ser quen de convertelos en proxectos viables e motivadores.

- A formación inicial mellorou algo a atención a estas cuestións nos plans de estudos (graos de mestre e máster de secundaria), pero bastante menos na súa materialización pedagóxica.

- A atención que se lle prestou na formación en servizo tamén foi escasa e a maneira de operativizala (fundamentalmente, cursos), pouco axeitada.

A consecuencia é que, no mellor dos casos, esta formación “instruíu”, pero non capacitou para a acción e tampouco tivo éxito en convencer da necesidade de facelo.

3.- Sobre as estratexias de mellora:

a) No que se refire aos ámbitos de actuación: explorar fundamentalmente o traballo integrado coas linguas (TIL) a través dunha metodoloxía de proxectos.

Razóns:

- Ilustra, mediante accións e tarefas reais, os enfoques comunicativos.
- Permite facer visible a dimensión práctica e instrumental de todas as linguas, o que pode favorecer a consideración da(s) de menos estatus.
- Favorece sinerxías pedagóxicas no 'saber', no 'saber facer' e no 'saber estar' en relación coas linguas.
- É unha fórmula para superar as limitacións que ofrece a normativa sobre uso vehicular das linguas.

Requisitos:

- Flexibilidade organizativa (horarios, espazos...)
- Disposición para o traballo cooperativo.
- Consenso no obxectivo pedagóxico de que 'saber unha lingua' non significa 'saber cousas sobre ela', senón 'saber facer cousas con ela'.
- Aceptación compartida de valores como a diversidade lingüística, a concepción dun plurilingüismo incluínte e integrador, a existencia –compatible- de linguas de identidade e de linguas de comunicación, etc.
- Acordos consecuentes sobre o papel de cada lingua no desenvolvemento do proxecto, con adaptación ao contexto, pero partindo do principio de que o galego debe ser a lingua instrumental básica.

b) No que se refire ao procedemento:

- Na formación inicial: Simulación (no centro universitario), experimentación (nas prácticas en centros de primaria ou secundaria), reflexión e valoración (compartidas).
- Na formación en servizo: a través de proxectos de formación nos centros.

BERNADETTE (BERNIE) O'ROURKE

As actitudes da mocidade cara ao galego

"Dixen: pois adiante rapaz!" - dar o paso para converterse en galegofalante

As accións de política lingüística postas en marcha dende os anos 80 en Galicia tentaron conter un proceso de substitución lingüística que foi avanzando dende hai varias décadas. Como

noutros contextos de planificación lingüística, o cambio actitudinal foi un dos primeiros pasos nese proceso. Os resultados de varios estudos sociolingüísticos nos últimos anos demostran claramente un cambio ideolóxico cara á lingua, sobre todo entre a poboación máis nova. Hoxe en día o discurso lexítimo sobre o galego é, polo xeral, favorable cara á lingua. Non obstante, ese posicionamento ideolóxico, tamén como en moitos outros contextos de minorización lingüística, non sempre se converte no uso da lingua minoritaria e nun cambio de comportamento lingüístico. Moitas veces centrámonos na substitución lingüística e na búsqueda de explicacións sobre ese fenómeno e deixamos un pouco de lado os casos nos que hai recuperación lingüística. Nesta presentación vou falar dese fenómeno, baseando a miña discusión na miña propia transición sociolingüística ao galego, igual cas miñas observacións e conversas, tantas formais coma informais, con galegos que deron o paso e convertéronse en galegofalantes. A través das súas historias de vida e as súas narrativas, neste relatorio vou reflexionar sobre as motivacións e o proceso de cambio lingüístico na vida dun individuo, sobre todo no caso dunha lingua minorizada como o galego.

HENRIQUE MANUEL SANFIZ RAPOSO

O traballo colaborativo e de implicación aplicable á normalización lingüística

O crowdfunding en normalización lingüística

Se non sabes a que porto te dirixes, ningunha estratexia é boa.

Palabras do filósofo romano Séneca.

2012 pode ser considerado como o ano no que o crowdfunding ou micromecenazgo se asentou como un movemento importante en todo o mundo. Nese exercicio medrou un 81% con respecto ao ano anterior, estimándose que se desenvolveron un millón de campañas a través de 300 plataformas cun volume de negocio de máis de 2.000 millóns de euros. Intentaremos explicar o funcionamento deste sistema de financiamento a partir de 2 campañas realizadas nos anos 2011 e 2012, e relacionadas coa normalización lingüística e coa cultura galega. Trátase de “Vitaminas para o galego” campaña de dinamización impulsada por 30 medios de comunicación en lingua galega. Tamén falaremos de “Bóveda, un alegato pacifista contra a inxustiza”, libro de banda deseñada impulsado por Son Radiofusión, a asociación de amizade coa radio local.

XUSTO A. RODRÍGUEZ RÍO E ALEJANDRO LAMAS

Aplicación de Buscatermos para dispositivos móbiles

O traballo colaborativo estivo no ADN do proxecto bUSCatermos desde a súa mesma concepción. Traballouse en colaboración para elaborar os vocabularios que editaba o SNL; colaborou con nós quen nos cedeu altruistamente os seus propios repertorios para incorporalos á base de datos; a Área de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións da USC contribuíu deseñando a infraestrutura informática que permite a xestión de todo ese corpus

de información; e a SXPL financiou a aplicación que permite consultar a base de datos a través da web.

O resultado de todo ese labor é o bUSCatermos ao que hoxe se pode acceder, e que intenta fomentar a reutilización dos seus contidos ao facilitar a súa integración noutras aplicacións a través dun servizo REST. Grazas a el xurdiron nestes poucos meses iniciativas como o buscador para Firefox elaborado por Antón Méixome, ou a aplicación móbil para iOS elaborada por Taptil.

A aplicación bUSCatermos está dispoñible para a súa descarga de balde, desde o mes de abril, na App Store, sendo compatible co iPhone e iPad. Construída sobre a base da API que devolve o servizo REST, posibilita que os usuarios accedan desde os seus dispositivos móbiles e realicen consultas sen necesidade de estar fronte a un ordenador. Aqueles resultados que resulten relevantes pódense a súa vez engadir a un listado personalizado de marcadores, sendo máis doado visitalos en seguintes consultas.

Deste xeito, trasládanse ó peto dos usuarios as máis de 150.000 entradas e 450.000 deonominacións coas que actualmente conta bUSCatermos, e crea novas vías para que outras aplicacións poidan facer uso da base de datos, o que evidencia que a apertura de canles de integración, coma o caso da API e o servizo REST, contribúen a lograr un maior alcance dos proxectos e unha maior difusión do contido destes.

REBECA CARBALLO COELLO

Viveiro de propostas normalizadoras

O propósito desta intervención é presentar o *Viveiro de propostas normalizadoras*, unha liña de traballo que aprobaron os socios e socias da CTNL na asemblea que se celebrou en marzo do ano pasado. O *Viveiro* concibiuse para que fose un lugar onde persoas que se dedican profesionalmente ou non á normalización lingüística tivesen un espazo que permitise traballar na maduración e/ou posta en marcha de propostas normalizadoras, xa sexan proxectos novos ou reformulacións dalgún xa existente, facilitando o contacto e o intercambio de ideas.

O obxectivo fundamental que se persegue con este proxecto é que nazan e se poidan desenvolver calquera tipo de actividades, accións, campañas, obradoiros, produtos normalizadores, etc.

O alicerce do Viveiro é o traballo colaborativo, un xeito de traballar que permite desenvolver proxectos conxuntamente sumando diferentes puntos de vista, coñecementos, formación, opinións e buscando complicidades, críticas e reflexión. Desde a CTNL consideramos esta iniciativa un exemplo de como esta metodoloxía de traballo pode resultar moi produtiva e efectiva.

Na intervención explicaremos o seu funcionamento e repasaremos as ideas que se presentaron na primeira convocatoria facendo fincapé naquelas que conseguiron saír adiante ou que se encontran nun estado de desenvolvemento máis avanzado.